

Nome _____ Data _____

REPASA ESTA INFORMACIÓN.


O **sistema solar** está formado polo Sol e os astros que xiran arredor del.

O **Sol** é a **estrela** máis próxima á Terra. Envíanos luz e calor.

Os **planetas** xiran arredor do Sol.

A **Lúa** é o **satélite** da Terra. Xira arredor desta e presenta catro fases.

1 Escribe o nome dos planetas próximos ao Sol en azul, e o dos planetas afastados do Sol, en vermello.



2 Explica a diferenza entre un planeta e un satélite.

3 Debuxa a Lúa segundo sexa a súa fase.

Lúa nova

Cuarto crecente

Lúa chea

Cuarto minguante


Nome _____ Data _____

REPASA ESTA INFORMACIÓN.

No **movemento de rotación**, a Terra xira sobre si mesma. Tarda 24 horas en completar unha volta.

No **movemento de translación**, a Terra xira arredor do Sol. Tarda un ano en completar unha volta.

- 1** Colorea de amarelo a zona da Terra en que é de día, e de gris, a zona en que é de noite.



- 2** A que movemento da Terra lle corresponde o debuxo da actividade anterior?

- 3** Completa.

A sucesión do día e da noite prodúcese polo movemento da Terra chamado de _____. Neste movemento, a Terra xira sobre si mesma e tarda _____ horas en dar unha volta completa.

As estacións do ano prodúcese polo movemento da Terra chamado de _____. Neste movemento, a Terra xira arredor do _____ e tarda _____ días en dar unha volta completa.

Nome _____ Data _____

REPASA ESTA INFORMACIÓN.

A **Terra** é un **planeta** do sistema solar onde vivimos. Nel danse as condicións necesarias para o desenvolvemento da vida.

No noso planeta distínguense tres capas: a **hidrosfera**, a **xeosfera** e a **atmosfera**.

1 Que tres características fan da Terra un planeta diferente? Explicaas.

- _____
- _____
- _____

2 Por que se lle chama á Terra o «planeta azul»?

3 Indica con liñas a que parte da imaxe da Terra corresponde cada cartela.

A parte sólida da Terra constitúe a **xeosfera**.



A **atmosfera** é a capa de aire que rodea a Terra.

Tres cuartas partes do planeta Terra están cubertas por auga. Toda esa auga forma a **hidrosfera**.


Nome _____ Data _____

REPASA ESTA INFORMACIÓN.

A Terra represéntase en globos terráqueos e en mapas.

- Os **globos terráqueos** son esferas que reproducen a Terra.
- Os **mapas** son representacións planas da Terra. Cando un mapa representa toda a Terra, chámase **planisferio** ou **mapamundi**.

1 Escribe 1 (planisferio) e 2 (globo terráqueo) onde corresponda.



2 Observa na actividade 1 as formas de representar a Terra e contesta.

- Cal se parece máis á forma real do planeta? _____
- En cal se mostra toda a superficie da Terra á vez? _____
- É posible observar nun globo terráqueo Oceanía e Europa ao mesmo tempo? _____

Por que? _____

3 Que dous tipos de mapas, segundo a información mostrada, están representados na actividade 1?
